

ACTIVIDADE DE REPASO: "INSTRUCCIONS PARA SUBIR UNHA ESCALEIRA"

Ninguen tera deixado de observar que a miúdo o chan se prega de xeito tal que unha parte sobe en ángulo recto co plano, para dar paso a unha nova perpendicular, conduta que se repite en espiral ou en liña crebada ata alturas sumamente variables. Agachándose e poñendo a man esquerda nunha das partes verticais, e a dereita na horizontal correspondente, estase en posición momentánea dun chanzo ou banzo. Cada un destes chanzos, formado como se ve por dous elementos, sitúase un tanto máis arriba e adiante que o anterior, principio que dá sentido á escaleira, xa que calquera outra combinación produciría formas quizais máis fermosas ou pintorescas, pero incapaces de trasladar dunha planta baixa a un primeiro andar.

As escaleiras sobense de fronte, pois cara a atrás ou de costado resultan particularmente incómodas. A actitude natural consiste en manterse de pé, os brazos colgando sen esforzo, a cabeza erguida aínda que non tanto que os ollos deixen de ver os chanzos inmediatamente superiores ao que se pisa e respirando lenta e regularmente. Para subir unha escaleira comezase por levantar esa parte do corpo situada á dereita abaixo, envolta case sempre en coiro ou gamuza, e que bardante excepción colle exactamente no banzo. Posta no primeiro chanzo á dita parte, que para abreviar chamaremos pé, recóllese a parte equivalente da esquerda (tamen chamada pé, pero que non se ha confundir co pé antes citado), e levándoa á altura do pé, faise que siga ata colocala no segundo chanzo, co cal neste descansara o pé e no primeiro descansara o pé. (Os primeiros chanzos son sempre os máis difíciles, ata adquirir a coordinación necesaria. A coincidencia de nome entre o pé e o pé fai difícil a explicación. Coidese especialmente de non levantar ao mesmo tempo o pé e o pé). Chegado deste xeito ao segundo chanzo, abonda repetir alternadamente os movementos ata atoparse co final da escaleira. Saese dela facilmente, cun lixeiro golpe de calcañar que a fixa no seu sitio, do que non se movera ata o momento do descenso.

JULIO CORTÁZAR: *Historias de cronopios e famas*

ACTIVIDADES:

1. Acentúa o texto.
2. Señala o seu tema e dá a túa opinión sobre o contido.
3. **POR PARELLAS:** escribide outro texto no que expliques o funcionamento dalgún aparello de uso cotián ou as instrucións dalgúha actividade habitual.
4. Subliña todas as formas verbais que aparezan.
5. Conxuga os verbos **SUBIR** e **SEGUIR** en presente de indicativo; escribe as súas formas. Son verbos regulares ou irregulares?
6. O verbo **FACER** ten unha conxugación máis complicada; por que? Conxúgao en todos os tempos de indicativo e escribe as súas formas.

6. O verbo **FACER** utilízase, con frecuencia, como verbo comodín, en lugar doutras formas cun significado moito máis preciso. Amplía o teu vocabulario e busca alternativas para **FACER** nas oracións seguintes:

- a) Agora está **FACENDO** un cadro enorme.
- b) Están **FACENDO** un plano da cidade.
- c) Aquele ano **FIXO** unha estatua de Moisés.
- d) Morreu sen **FACER** testamento.
- e) **FAREMOS** unha porta neste muro.
- f) Está campá **FIXÉRONA** no 1528.
- g) Estame a **FACER** un xersei de punto de oitos.
- h) O Parlamento está **FACENDO** un novo proxecto de lei.
- i) O Tratado de París **FÍXOSE** no 1896.
- l) Xa temos **FEITO** un bo cacho do camiño.
- m) O meu irmán non dirixe a empresa, pero **FAI** funcións de director.
- n) **FIXÉRONA** alcaldesa da súa vila.
- ñ) Ao escribir **FAI** moitas faltas.
- o) Hai pobos que **FAN** sacrificios humanos aos seus deuses.
- p) Parece que lle van **FACER** un expediente.
- q) **FIXÉRONLLE** unha estatua a Castelao en Rianxo.
- r) Co tempo **FAISE** un a todo.
- s) As súas mentiras **FIXÉRONME** moito dano.
- t) Agora dálle por **FACER** versos.
- u) A miña irmá está **FACENDO** a carreira de medicina.
- v) O río **FAI** curvas arredor da cidade.
- x) **FIXÉRONA** raíña ao cumprir vinte anos.
- z) Esta árbore **FAI** moita sombra.